

A Coruña
13.6.978

Maruxa e Luis Seoane
Buenos Aires

Queridos amigos:

No día de onte, en sesión da Xunta de Galicia, fun nomeado conselleiro de Cultura. Quero tamén, pois logo, que a miña primeira carta como tal seña para vosoutros. A carga que se me bota enriba do lombo non é pequena. E menos mal que non me acumularon, como pretendían e viña concebida a proposta da Presidencia, o Departamento de Educación e Ciencia. Por si non chegara unha cunca, dúas. Estóu algo desconcertado. Todo está por facer. Eu propóñome ir facendo un inventario de problemas culturais, clasificándoos e ordenándoos para ir lle metendo o dente aos que se poida, e os que non déixalos para o futuro goberno autonómico e atope, cando menos, un banco de datos. E menos mal que os homes da Xunta de maior temperatura galega están en maioría. Mais ese invento español do "consenso", diametralmente oposto ao "disenso" do 36, impón andar amodiño. É un mirame e non me toques, porque pode romper. E non se pode deixar romper porque sobor del está cimentado o camiño cara a democracia. Fíxadevos as gaitas que haberá que templar. E, por riba, sin contar co apoio dunha sólida experiencia política. Aínda que me vou axudando dunha certa intuición disparada pola observación dos feitos, das cousas e dos homes. Porque eu non fixen máis política que a testimonial dos tempos do franquismo. A política interesóume somentes como fenómeno cultural e, como espectáculo, divértiame. Claro que nesta derradeira faceta non podo negar que agora teño unha localidade máis perto do escenario, aínda que co risco de ter que rubir ás veces ao palco escénico. En fin, algo co que nin remotamente puiden soñar. Pero un chega ás cousas polos camiños misteriosos e inescrutables do destino, dito así en términos de retórica décimonónica. Mais con todo, si esto dera para un bó libro de Memorias, aínda, aínda.

Non sabedes ben o que vos agradecín a vosa chamada telefónica. Emocionóume. E logo a vosa carta enchéume de ledicia. Nesto, os vellos galeguistas portáronse fenomenalmente. Comprenderon perfectamente a situación na que me atopéi. Recibín garimosísimas cartas de México, USA, Londres, Paris, Geneve, Venezuela ...

E falando de Venezuela diréivos que estivemos, Fernanda e máis eu, en Caracas invitados pola "Irmandade Galega". Somentes estivemos catro días, catro apretados días, dunha concentración amistosa inconcebible. Pero poidemos contar: tres intervencións noutras tantas emisoras de radio, sin magnetofón, sin guión, sin nada, así, á americana, a responder sobre o que che pregunten e ceibar as verbas ao éter; unha intervención no canal 4º da TV, coa mesma preparación e, por riba, coa tortura dos focos; unha roda de Prensa disparando preguntas que viñan de acá, de aló e de acolá querendo saber do Rosón; dúas entrevistas con xornalistas que che emplazan ás sete da mañán para lles responder; e dúas conferencias seguidas de coloquios. Agotador. E agora engadir cambio de horario, de clima, de alimentación e de caras. E sempre mantendo o tipo para que non se dixera. Puxémosvos unha tarxeta que non séi si recibiríades. Como resúmen, decíavos nela que tedes toda a razón cando falades da emigración e dos emigrantes galegos.

O papel non dá para máis. Nin o tempo deste gobernan-
te agobiado polo peso da historia. Cinguidísimas apertadas de
nós os dous para vós os dous.

Douega